



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Setembro 2019


Santiago de Compostela, 06 de novembro de 2019

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Setembro 2019

- O Índice de producción industrial (IPI) rexistrou en setembro de 2019 un retroceso do 0,9% con respecto a setembro de 2018, mentres que a nivel nacional rexistrouse un crecemento do 3,1%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo, equipo e intermedios creceron un 13,2%, 10,7% e 2,3% respectivamente. Pola contra, a enerxía decreceu un 29,0%.
- Por ramas de actividade a achega negativa mais destacable corresponde á produción de enerxía eléctrica”, que restou 6,9 puntos, seguida pola “fabricación doutro material de transporte” que minora 0,7 puntos e a “reparación e instalación de maquinaria e equipamento”, que resta seis décimas á taxa interanual.
- Polo contrario, entre as que mostran maiores achegas positivas destaca: a “fabricación de vehículos de motor” que achega 3,8 puntos, a “confección de roupa de vestir” que aporta 1,2 puntos, a “industria da alimentación” que engade 1,1 puntos e a “fabricación de mobles” que suma 0,6 puntos á taxa interanual do índice xeral.

Índice de producción industrial (IPI). Setembro 2019



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de setembro de 2019 en Galicia registrou un retroceso do 0,9% en taxa interanual, mellorando en 5,2 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (-6,2%). En España, rexistrouse un avance do 3,1%, mellorando en 3,9 puntos a taxa acadada no mes anterior (-0,8%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un crecemento do 13,2%, o que achega 3,2 puntos á taxa interanual.
- Os **bens de equipo** rexistran unha taxa do 10,7%, o que suma 2,5 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** suben un 2,3%, cunha repercusión positiva de 0,6 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que retrocede un 29,0% restando 7,2 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Comparando cos crecementos interanuais de agosto de 2019, por destino económico, os bens de consumo melloran 12,3 puntos, os bens de equipo empeoran 7,8 puntos, os bens intermedios melloran 5,4 puntos e a enerxía mellora 5,7 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.


A rama máis destacable que presenta a maior achega negativa á taxa interanual de agosto foi a “produción de enerxía eléctrica”, que restou 6,9 puntos, seguida pola “fabricación doutro material de transporte” que minora 0,7 puntos e a “reparación e instalación de maquinaria e equipamento”, que resta seis décimas á taxa interanual.

No que respecta ás repercusións positivas destacan: a “fabricación de vehículos de motor” que achega 3,8 puntos, a “confección de roupa de vestir” que aporta 1,2 puntos, a “industria da alimentación” que engade 1,1 puntos, e a “fabricación de mobles” que suma 0,6 puntos á taxa interanual do índice xeral.

3. Índices por comunidades autónomas


Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes de setembro moveuse entre o -8,6% de Baleares e o 14,5% de Navarra. Ademais da devandita, presentan crecementos interanuais superiores á media estatal: La Rioja (10,5%), Murcia (10,3%), Castilla y León (9,8%), País Vasco (6,6%), Castilla - La Mancha (5,4%) e Andalucía (4,7%).

IPI setembro 2019 Taxas de variación en %



4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa TRAMO-SEATS do Banco de España.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Setembro 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		REPERCUSIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	103,9	-0,9	-5,6	--	--
Bens de consumo	125,4	13,2	5,4	3,2	1,3
Bens de equipo	104,1	10,7	3,5	2,5	0,8
Bens intermedios	119,0	2,3	-5,3	0,6	-1,5
Enerxía	70,8	-29,0	-24,8	-7,2	-6,2
España					
Xeral	106,6	3,1	0,7	--	--
Bens de consumo	104,1	4,1	1,8	1,0	0,5
Bens de equipo	113,8	4,8	2,0	1,1	0,5
Bens intermedios	108,7	0,7	-0,9	0,2	-0,3
Enerxía	99,2	3,8	0,1	0,8	0,0

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Setembro 2019

Ramas	VARIACIÓN (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	-0,9		-5,6		
Fabricación de vehículos de motor, remolques e	42,3	3,8	6,5	0,7	13,1
Confección de roupa de vestir	25,8	1,2	4,5	0,2	4,1
Industria da alimentación	8,4	1,1	5,3	0,7	13,2
Fabricación de mobles	48,3	0,6	0,7	0,0	1,1
Industria do papel	13,4	0,3	1,1	0,0	2,2
Fabricación de bebidas	6,7	0,3	10,5	0,4	3,5
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	8,0	0,2	-7,4	-0,2	2,5
Outras industrias manufactureiras	37,0	0,2	5,6	0,0	0,5
Outras industrias extractivas	23,7	0,2	31,4	0,2	1,1
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	1,8	0,2	15,0	1,3	7,7
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	3,3	0,1	-10,4	-0,3	2,6
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	3,0	0,1	-10,0	-0,3	2,0
Industria téxtil	7,3	0,0	6,0	0,0	0,6
Industria química	-2,7	0,0	-6,8	-0,1	1,5
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	-4,6	-0,2	-3,9	-0,2	3,6
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	-5,4	-0,3	-15,4	-0,8	5,1
Fabricación de material e equipamento eléctrico	-17,2	-0,3	-15,5	-0,3	1,4
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-15,5	-0,6	-16,1	-0,6	4,1
Fabricación doutro material de transporte	-27,5	-0,7	-16,4	-0,4	2,0
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-35,3	-6,9	-30,0	-5,9	22,3
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Industria do tabaco	-	-	-	-	-

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Setembro 2019

CCAA	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	106,6	3,1	0,7
Galicia	103,9	-0,9	-5,6
Andalucía	103,0	4,7	2,1
Aragón	103,9	-2,1	1,4
Asturias	103,4	-7,0	-2,0
Baleares (Illes)	92,0	-8,6	-7,4
Canarias	94,8	1,8	-1,9
Cantabria	111,6	-2,9	-1,7
Castilla - La Mancha	103,9	5,4	3,3
Castilla y León	97,7	9,8	-1,2
Cataluña	104,0	1,4	-1,2
Comunitat Valenciana	109,7	2,7	1,2
Extremadura	128,8	0,1	-1,6
Madrid	107,9	1,8	3,2
Murcia	122,7	10,3	9,1
Navarra	119,9	14,5	5,1
País Vasco	113,3	6,6	1,8
Rioja (La)	88,9	10,5	-0,5

Fonte: INE